

MATRÍCULA PARA O ALUMNADO PROPIO DA UNIVERSIDADE DE VIGO QUE REALIZOU ESTUDOS NUN PROGRAMA DE INTERCAMBIO NO CURSO 2015/2016

A *Resolución reitoral do 30 de maio de 2016 pola que se publica a convocatoria de matrícula da Universidade de Vigo para o curso académico 2016/2017 para as ensinanzas de grao e titulacións a extinguir*, establece no anexo I un prazo de matrícula do 3 ao 22 de agosto de 2016 para continuar estudos.

O alumnado que realizou estudos nun programa de intercambio no curso 2015/2016, pode non ter no seu expediente, no prazo de matrícula, as cualificacións das materias cursadas no programa, polo que terá que matricularse fóra do prazo previsto.

Por o exposto, **esta Vicerreitoría resolve:**


Que o alumnado que non teña no seu expediente académico as cualificacións obtidas nun programa de intercambio cursado en 2015/2016, poida realizar a matrícula do curso 2016/2017, a partir do 23 de agosto, na unidade administrativa do seu centro. Téñase que conta que se a matrícula se realiza a partir do 1 de setembro, non se poderá optar á avaliación de fin de carreira ou decembro (esta só en titulacións a extinguir que se acollan ao calendario de fin de carreira), se os exames relativos á dita oportunidade de avaliación xa transcorreron no centro correspondente.



Vigo, 27 de xuño de 2016

A Vicerreitora de Estudantes

Dolores González-Álvarez



XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO

XEFA TURAS DE ÁREA ACADÉMICA/ADMINISTRACIÓN DOS CENTROS